

Unidade didáctica

LOGOPEDA

Jessi Suárez Arufe



RAMONA ÓRBITA

*Charamelas grandes coma estrelas, átomos perdidos na súa colisión.
Ramona chega da viaxe, mentres todos pensan: é ciencia ficción.*

Ramona Órbita, boa nas ciencias, xefa na horta.
Ramona Órbita, resolve ecuacións, iso non lle custa.
Ecoloxista, fai moitos inventos, ela é unha artista.
Dona do tempo, viaxe cuántica sen aloxamento.

Percorreu a liña do tempo, axudou a Leo no Renacemento.
Ensinou como aproveitar o lume, na Prehistoria, houbo pouco
queixume.

*Charamelas grandes coma estrelas, átomos perdidos na súa colisión.
Ramona viaxa ao pasado, mentres todos pensan: é ciencia ficción.*

Ramona Órbita...

Coñeceu a nai do Apalpador, para as nevaradas un feixe de carbón.
Na China atopouse con Confucio, aprendeulle bos consellos, gardou-
nos con aprecio.

*Charamelas grandes coma estrelas, átomos perdidos na súa colisión.
Ramona viaxa ao futuro, mentres todos pensan: é ciencia ficción.*

Ramona Órbita...

Descubriu un mundo artificial cheo de urbes, fume e smog.
Loitará con forza e firmeza polas cousas boas que ten a natureza.



1. Salta o máis alto que poidas cada vez que escoites unha palabra que empece pola letra R.

· Obxectivos da actividade: conciencia fonolóxica, discriminación auditiva e atención selectiva.

2. Cantos nomes propios podes atopar?

· Obxectivos da actividade: conciencia léxica e atención selectiva.

3. Despois de escoitar a canción... de cantas cousas que fixo Ramona Órbita te lembrás?

· Obxectivos da actividade: memoria de traballo e atención sostida.

4. A que se dedicaba Ramona?

· Obxectivos da actividade: memoria de traballo e atención sostida.

5. Imos creativizar a Ramona! Debuxa diferentes lugares en que estivo: no laboratorio inventando, nunha máquina do tempo, na prehistoria, no espazo, na China... Recorta a Ramona e colócaa nos debuxos que fixeches. Agora o máis divertido, imos pensar en todas as cousas que puido facer en cada lugar ao que foi!

· Obxectivos da actividade: memoria a curto prazo, motricidade fina e razoamento lóxico.

6. Axuda a Ramona a pensar en como podemos facer cousas boas pola natureza dende as nosas casas.

· Obxectivos da actividade: resolución de problemas.

7. A nosa protagonista é unha muller moi forte e intelixente, loitadora e apoderada. Gustaríache ser coma ela? Por que?


· Obxectivos da actividade: organización e cohesión do discurso.

8. Agora é o momento de que te debuxes e penses nun grande invento que poidas facer xunto a Ramona para loitar pola igualdade.

· Obxectivos da actividade: planificación e organización da información, razoamento lóxico e motricidade fina.



Debúxate!!!





LAURA ROMERO



ROCK DA RODA ROTA

Había un robot coa roda rota
porque o chan era escarpado.
Veña a limpar, non hai derrota,
non deas o mundo por arruinado.

*Rock, rock, rock, rock da roda rota.
Rock, rock, rock, rock da roda rota.
Cruzamos os cables, xiramos as pernas,
perdemos o control ata meter a zoca.*

Agora bailamos movendo o nariz.
Agora bailamos movendo o nariz.
Rascando o nariz, rascando o nariz.
Rascando o nariz, rascando o nariz.
Movéndonos coa graza dun robot automotriz.

Rock, rock, rock, rock da roda rota...

Agora bailamos movendo o noso cu.
Agora bailamos movendo o noso cu.
Rascando o cu, rascando o cu.
Rascando o cu, rascando o cu.
Non tropeces, que levas un batecú.

Rock, rock, rock, rock da roda rota...

Agora bailamos movendo a cachola.
Agora bailamos movendo a cachola.
Rascando a cachola, rascando a cachola.
Movendo os brazos como fai unha centola.

O radar telo estragado
e os circuítos, medio escangallados,
a pintura tinguida polo *smog*,
xa non ten fotos no seu *blog*.

Rock, rock, rock, rock da roda rota...
(Bis)



1. Vai facendo as cousas que nos di a canción. Cando veña o retrouso “rock, rock, rock, rock da roda rota”, fai que tocas un instrumento, pero que sexa diferente en cada volta!

· Obxectivos da actividade: expresión motora, memoria secuencial motora e atención selectiva.

2. Que partes do corpo aparecen na canción? Empregaos para debuxar unha persoa ben rockeira.

· Obxectivos da actividade: esquema corporal, memoria de traballo e motricidade fina.

3. Cal é a letra que máis se emprega na canción? Canto tempo es capaz de facela sen parar?

· Obxectivos da actividade: discriminación auditiva, conciencia fonolóxica e punto articulatorio.

4. Cantas accións, é dicir, verbos aparecen na canción?

· Obxectivos da actividade: conciencia léxica, vocabulario e memoria de traballo.

5. O robot da canción díxonos que tiña unha roda rota, pero o pobre non ten ferramentas para amañala. Indica outro obxecto polo que pode cambiar a roda para poder andar ben. Busca algo pola túa casa que poida servir.

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico, resolución de problemas e integración visual.

6. Agora que está amañado, debuxa o robot coa nova roda que lle puxeches.

· Obxectivos da actividade: motricidade fina.

7. Dime outros seis obxectos redondos que poderíamos empregar como rodas.

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico, comprensión visual e integración visual.

8. Para que poderías empregar ti un robot? A ver cantas cousas se che ocorren.

· Obxectivos da actividade: planificación e organización da información e razoamento lóxico.


NAI DEvesa

Nai Devesa, a nai do Apalpador,
non ten nome, ela é puro amor.
Doulle vida a el, e todo ao arredor,
non ten idade, nace en cada albor.


*Nai Devesa, é bondade e grandeza.
Serpes de auga, tritóns e fervenzas,
castiñeiros, teixos, abeleiras,
tamén carballos, freixos e arandeiras,
carballos, freixos e arandeiras.*

Ensinoulle ao carboeiro, da serra do Courel
as súas bondades.
Mentres nela haxa vida, haxa forza
non haberá bandullos con fame.

*Nai Devesa, é bondade e grandeza.
Serpes de auga, tritóns e fervenzas,
castiñeiros, teixos e abeleiras,
tamén carballos, freixos e arandeiras,
carballos, freixos e arandeiras.*



1. Sabes quen é o Apalpador? O Apalpador é un personaxe da tradición popular galega do Courel. Está ligado ao cambio de estación. É un pastor que durante todo o ano fabrica carbón e vive do que lle proporciona a Nai Devesa, facendo aparecer os xoguetes de madeira que esconden as árbores do monte. No inverno baixa ás aldeas para visitar os nenos deixando castañas quentes e xoguetes de madeira. Que xoguetes cres que che podería traer o apalpador? Resulta que a min me trouxo un tren de madeira e as instrucións para facer un tren reciclado con papel hixiénico, axúdasme a montalo?



Precisas:

- 4 rolos de papel, ou máis, se queres máis vagóns.
- Un pouco de cordel.
- 4 tapóns de plástico para cada rolo de papel, menos para o rolo que fai de cheminea.
- Témperas ou pintura de dedos xunto cun pincel para darlle un toque chulo.
- Unhas tesoiras e pegamento ou celo para pegar a cheminea.
- Varias palliñas de beber para facer de eixo entre as rodas.

· *Obxectivos da actividade: organización e planificación da información, comprensión e motricidade fina.*

2. A Nai Devesa é unha gran muller que dá vida a todo o que coñecemos. Que cousas maravillosas e impresionantes fan as grandes mulleres da túa vida día a día? Na canción nomea a moitos animais e árbores, sabes quen é quen?

- Castiñeiros
- Serpes de auga
- Tritóns
- Freixos
- Abeleiras
- Carballos
- Arandeiras

· *Obxectivos da tarefa: asociación visual, lectura e comprensión lectora.*

3. Que calidades nos di a canción que posúe a Nai Devesa?

· *Obxectivos da tarefa: memoria de traballo e vocabulario.*

4. Debuxa a Nai Devesa con todos os seres vivos que nomea a canción:

· *Obxectivos da actividade: memoria de traballo, motricidade fina e vocabulario por campos semánticos.*



5. Imos traballar coas palabras. Temos que escribir ou dicir 5 palabras de cada grupo:

- a. Plantas e árbores que non se nomearan xa.
- b. Animais que vivan nun medio acuático.
- c. Animais terrestres.
- d. Aves.
- e. Palabras da natureza que empecen pola letra M.
- f. Palabras da natureza que conteñan a letra O.

· *Obxectivos da actividade: vocabulario por campos semánticos, conciencia fonolóxica e acceso ao léxico.*

6. Imos copiar a Pakolas e imos facer nos tamén unha rima ben chulas. Coas seguintes palabras, a ver se damos feito un poema! Escolle palabras que rimen entre elas, é dicir, que rematen coas mesmas vogais e consoantes, e fai unha bonita rima.

· *Obxectivos da actividade: conciencia fonolóxica, conciencia silábica, asociación auditiva e rimas.*

RATO MONTAÑA

PAQUETE NENO

CABANA SAPO

XOQUETE pequeno

7. Agora que temos os versos listos, inventa un ritmo coas mans e os pes para poñerlle un pouco de marcha ao poema. Por exemplo, dúas pisadas ben fortes e unha palmada ao aire. Ánimo!!

· Obxectivos da actividade: coordinación motora.

8. Imos axudarlle á Nai Devese na súa tarefa de creación. Con poucas cousas que temos na casa imos xerminar lentellas e garavanzos.

Precisamos:

- ✦ Un bote de iogur baleiro.
- ✦ Unhas poucas lentellas ou garavanzos.
- ✦ Un pouco de auga.
- ✦ Un pouco de algodón.
- ✦ Un lugar da casa soleado e ben iluminado.

Como o facemos?

Humedecemos o algodón en auga e poñémolo dentro do envase, temos que poñer o suficiente como para cubrir o fondo. Enriba do algodón poñemos as lentellas ou os garavanzos, mira que queden ben espaxadas! Cubrimos os legumes co algodón humedecido en auga. Finalmente, deixamos o envase ao sol. Non nos podemos esquecer de regalo todos os días para que teña sempre unha boa condición de humidade. E listo! Pronto sairá o teu brote.

· Obxectivos da actividade: habilidades diarias, apego e relacións interfamiliares.

MANOLO CAVERNARIO

*Uh, uh, uh! Churrasco de mamut!!
Uh, uh! Churrasco de mamut!!
Uh, uh! Churrasco de mamut!!
Uh, uh! Churrasco!!*

Manolo Cavernario quenta os pés ao lume,
roe cos seu dentes churrasco de mamut.
Na súa cova hai pinturas rupestres,
practica co tambor para o seu debut.

*Uh, uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco!*

Nas cancións prehistóricas hai bonitos versos
cheos de gruñidos moi fortes e diversos.
Vamos todos xuntos recolectar,
que chega o inverno, para ter que xantar.

*Uh, uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco de mamut!
Uh, uh! Churrasco!*

Descubriu o lume, tivo esa dita,
dende que cociña non lle doe a tripa.
Como non se bañan, chéiralles o cu.
Vamos berrar, eu non como cru!!

Lume, lume, lume, eu non como cru!
Lume, lume, eu non como cru! (x3)

Uh, uh, uh! Churrasco de mamut!...



1. Imos bailar un pouco coa canción, levanta ben arriba a man dereita cando escoites “uh, uh, uh!”. Agora levanta a man esquerda todo o que poidas cando escoites “churrasco de mamut!”. Levanta as dúas mans cando diga “lume, lume, eu non como cru!”

· Obxectivos da actividade: esquema corporal, lateralidade, memoria de traballo, discriminación auditiva e atención selectiva.

2. Na cova de Manolo hai moitas pinturas rupestres, cantos animais diferentes podes atopar nos seus debuxos? Viches algún mamut? Atopas a Manolo?

· Obxectivos da actividade: integración visual, atención selectiva e sostida, discriminación visual.





3. Para Manolo Carvernario tamén chega o inverno e precisa recoller alimentos para ter que comer. Que alimentos pensas que recollerá Manolo? Que comidas poderá facer con eles?


· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e vocabulario.


4. Agora ás persoas xa non nos fai tanta falta gardar tanto alimento para o inverno xa que podemos mercalos no supermercado. Pero a meirande parte dos animais si que o recollen. Que animais se che ocorren que garden comida para a época fría do ano? Que alimentos pensas que garda cada animal?

· Obxectivos da actividade: vocabulario por campos semánticos e memoria a longo prazo.

5. Une coa túa cor favorita os números en orde para ver que debuxo creamos.

· Obxectivos da actividade: aprendizaxe numérica, organización e planificación da información e motricidade fina.





6. Agora imos personalizar o noso mamut:

- Ponlle un pendente de cor azul na orella.
- Píntalle o pelo da cabeza de cor verde.
- Ponlle unhas lentes modernas.
- Píntalle os pelos da cola de cores.
- Imos debuxarlle dúas pulseiras en cada cairo.



Mira que chulo quedou o mamut!!


Vaia artista!!

· *Obxectivos da actividade: comprensión de ordes simples e organización espacial.*

7. Resulta que dende que Manolo descubriu o lume, afeccionouse á cociña e andou argallando para facer unha hamburguesa de Mamut con queixo de búfala!! O problema xorde cando tivo que montar a hamburguesa..., como nunca fixo ningunha puxo o pan entre o queixo e a leituga, vaia tolemia!! Axúdaslle a facer a hamburguesa? Pinta e recorta os ingredientes e despois fai a túa mellor creación para que a poida probar Manolo.

· *Obxectivos da actividade: organización e planificación da información, xerarquías, motricidade fina e integración visual.*





8. Imos escribir 6 cousas diferentes para as que pode empregar Manolo Cavernario o lume e así facer a súa vida máis sinxela e tamén máis cómoda. Por exemplo...: para quentar a auga antes de bañarse e que non se lle conxelen os mocos!

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e lecto-escritura.

BETUME

Que caprichoso é o señor Ramsés,
séntese moi grande da cabeza ata aos pés.

Fainos carrexar as máis pesadas pedras,
quere un coloso e templos a moreas.

*Heino convencer para conservar a pel
cunha longa sesta e algunhas vendas.
Que moleste os mortos, estrela fugaz,
a ver se desta coa e nos deixa en paz.*

Betume, betume e vendas.
Pirámides exipcias chantadas nas areas. (x4)

A Ramses chéiranlle os pés,
a Ramses chéiranlle os pes,
a Ramses chéiranlle os pés.
Coma toda a xente, o ves ou non o ves?

Farta a arquitectos, médicos e escribas
cando o faraón xoga coa xeometría.

Guapiño de cara e duro ao gobernar,
sente que é o fillo do mesmo Amon Rá.

Heino convencer...



1. Arredor de que país pensas que anda a letra da canción? Debuxa o primeiro que che veña á cabeza ao pensar nese lugar.

· Obxectivos da actividade: asociación auditiva, razoamento lóxico, memoria a longo prazo e razoamento lóxico.

2. Ramsés acurtoulle os prazos ao arquitecto que nos canta a canción e agora ten que facer a pirámide en menos tempo. Que podería facer o arquitecto para axilizar o proceso?

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e resolución de problemas.

3. Que forma tiñan os edificios dos faraóns? Intenta debuxar as pirámides con outras formas xeométricas.

· Obxectivos da actividade: integración visual, vocabulario por campos semánticos e motricidade fina.

4. Con que se cubría aos faraóns para facer momias? Imos facer a nosa propia momia.

Que precisamos?

- ✦ Un boneco vello
- ✦ Papel hixiénico ou cordón branco
- ✦ Cola branca
- ✦ fluga
- ✦ Pincel

Como o facemos?

1. Mestura unha parte de cola branca por dúas de auga.
2. Molla o pincel na mestura e, comezando pola cabeza, dálle unha primeira capa.
3. Comeza a colocar o papel arredor da cabeza do boneco coma se fose unha venda, dándolle por riba co pincel mollado na cola con auga, para que quede pegado. Non lle cubras os ollos.
4. Segue o mesmo procedemento para o resto do corpo.
5. Déixao secar ata o día seguinte.

Agora se queres podes pintar as vendas dalgunha cor, senón xa tes a túa momia lista!!

· Obxectivos da actividade: organización e planificación da información, motricidade fina e grossa e relacións interfamiliares.

5. Agora pinta, recorta e monta a pirámide para a túa momia.

Que precisamos?

1. Cores.
2. Unha tesoir.
3. Pegamento ou celo.


· *Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e motricidade fina.*


**6. Na canción dinos que Ramsés tolea-
ba os médicos, arquitectos e escribas.
Que outras profesións cres que preci-
saría Ramsés para exercer de faraón?
Para que as empregaría?**

· *Obxectivos da actividade: vocabulario por
campos semánticos e razoamento lóxico.*

**7. Os bloques que empregaban para a
construción das pirámides pesaban de
media dúas toneladas e media, é dicir,
arredor do peso de dous coches xuntos.
Naquela época, non había guindastres
nin tecnoloxías como agora, así que
tiñan que empregar outros métodos.
Como podían mover bloques tan pe-
sados para as súas construcións? Oco-
rrenseche 4 posibilidades para mover
os bloques?**

· *Obxectivos da actividade: razoamento lóxico
e resolución de problemas.*





8. Imos probar un dos métodos que empregaban os escravos exipcios para mover as pedras. Estes colocaban troncos de maneira paralelos e próximos entre si para facer rodar a pedra e que así fose máis sinxelo o seu transporte. Coloca varias ceras ou lapis de cores paralelos entre si, agora, enriba deles, pon un cartón de leite atado cun cordel. Coloca outro cartón de leite, tamén cun cordel, pero sen as cores debaixo. Cal che resulta máis fácil de mover?

· Obxectivos da actividade: motricidade fina e grosa e razoamento lóxico.

OS CABALEIROS BIBLIOTECARIOS

A, B, C, D, E, F, G.

Chegan os cabaleiros ao amencer.

H, I, L, M.

Aos vasalos hainos que aprender.

Dos cabaleiros bibliotecarios os trobadores cantaban as xestas,
Ensinaban a ler e escribir, o burgo tremía.

Vaia festa!

A, B, C, D, E, F, G, H, I, L, M, N, O, P, Q, R, S, T, U, V, X e mais o Z.

N, O, P, Q, R, S, T.

Os bibliotecarios póñense en pé.

U, V, X e mais o Z.

Cheiran a cu ata os poetas.

Dos cabaleiros bibliotecarios os trobadores cantaban as xestas...

A, B, C, D, E, F, G, H, I, L, M, N, O, P, Q, R, S, T, U, V, X e mais o Z.



1. Resulta que tiña as letras do abecedario gardadas no peto e desordenáronse todas. Imos ordenalas dende o A ata o Z.

· *Obxectivos da actividade: organización e planificación da información e aprendizaxe alfabético.*

2. Na canción falta unha letra do abecedario. Sabes cal é?

· *Obxectivos da actividade: memoria de traballo e discriminación auditiva.*

3. Imos ver canto sabes de letras... Dime unha palabras que empece por cada unha das letras do abecedario.

· *Obxectivos da actividade: conciencia fonolóxica e vocabulario.*

4. Os cabaleiros bibliotecario ensinábanlle aos demais a ler. É unha aprendizaxe moi importante para as nosas vidas xa que grazas a ela podemos aprender moitas cousas e viaxar sen saír do noso cuarto. Cal foi o libro ou a historia que liches ou que che leron que máis che gustou? Pensa en que tres partes a podemos dividir. Debuxas.

· *Obxectivos da actividade: organización e planificación da información, memoria de traballo, memoria a longo prazo e síntese da información.*



ESCENA 1

ESCENA 2

ESCENA 3

ESCENA 1

ESCENA 2

ESCENA 3

5. Atopa na sopa de letras as seguintes palabras:

· *Obxectivos da actividade: atención selectiva, discriminación visual, conciencia léxica e vocabulario.*

C	Z	L	C	O	N	T	O	A
X	A	I	R	T	C	E	R	I
E	M	B	P	O	E	T	A	H
S	L	R	A	L	E	R	O	Q
T	H	O	G	L	F	E	A	B
A	X	S	A	S	E	R	O	U
S	Z	R	L	A	M	I	U	R
Z	S	N	U	V	C	F	I	G
T	R	O	B	A	D	O	R	O

Cabaleiro - Libros - Ler

Conto - Trobador - Burgo

Letra - Vasalo - Poeta - Xestas

PRIMAVERA DOS TEMPOS

Primavera dos tempos, febre de ultramar,
cores que ilustran días, pensamentos no ar.
Aires de liberdade, imaxinar e crear.

Home de Vitrubio, amigable ti semellas,
pola túa anatomía tes de min un par de apertas.

Que fácil é combinar para debuxar,
con poucos elementos imos comezar:
cun círculo facemos un mundo,
unha pizza tamén podería funcionar,
se a dividimos en moitos triángulos
moitas porcións imos agasallar.

*La, la, la, la, o pulso movemos de aquí para alá.
La, la, la, la, movendo o pulso imos debuxar. (x2)*

Debuxando un simple dous, un parrulo aparecerá.
Con tres círculos e un triángulo un xeadó te animará.
Unha bolboreta se debuxas dous treses,
un do dereito e outro do revés,
faltan as antenas, iso esta chupado!
Agora o ves e non podes parar!

*La, la, la, la, o pulso movemos de aquí para alá.
La, la, la, la, movendo o pulso imos debuxar. (x2)*

Hai que ver cantos animais cos círculos ti podes debuxar:
tartarugas, caranguexos e paxaros que voando fan figuras polo ar.
Poñemos dous triángulos enriba dun oito,
debuxamos un rabecho e xa falta pouco,
un círculo xigante ao seu arredor:
miañando cara á Lúa cun gran marramiau!

*La, la, la, la, o pulso movemos de aquí para alá.
La, la, la, la, movendo o pulso imos debuxar. (x2)*



1. Que di a canción que pode facer coas seguintes formas?

- ✦ Con círculo.
 - ✦ Co número dous.
 - ✦ Con tres círculos e un triángulo.
 - ✦ Con dous números tres.
- *Obxectivos da actividade: memoria de traballo e vocabulario.*

2. Fai todos os debuxos que aparecen na canción. Píntaos para que queden ben bonitiños.


- *Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e motricidade fina.*

3. Separa os diferentes debuxos que nomea en: alimentos, animais e outros. Dentro desta última categoría, di a que pertencería cada cousa, por exemplo, un microondas pertencería ao grupo de electrodomésticos.

- *Obxectivos da actividade: vocabulario por campos semánticos.*

4. Que é cada debuxo e con que formas ou figuras está formado cada un?

- *Obxectivos da actividade: vocabulario e integración visual.*



5. A que especie pertence e onde vive cada animal que se nomea na canción?

Que adoitan comer?

· *Obxectivos da actividade: vocabulario e asociación auditiva.*

6. Inventa un animal que teña unha parte de cada un dos que aparecen na canción. A ver que sae! Agora ponlle un nome xuntando a primeira sílaba do nome dos animais que empregaches para crear o teu. Como se chama?

· *Obxectivos da actividade: integración visual, conciencia silábica, lecto-escritura e motricidade fina.*

7. A canción comeza falando dunha estación do ano, de cal? Cantas estacións ten o ano e en que se diferencia cada unha das demais?

· *Obxectivos da actividade: discriminación auditiva, memoria de traballo e vocabulario.*

8. Intenta debuxar unha cara cos números que aparecen abaixo. As partes da cara que queden sen debuxar, intenta debuxalas ti, PERO SÓ CON NÚMEROS!!


Catro números 0	Un 1	Tres 3
-----------------	------	--------

· *Obxectivos da actividade: esquema corporal, aprendizaxe numérico e motricidade fina.*

A MÁQUINA DE RAMONA

A máquina de Ramona ten a súa trucaxe,
tes que botarlle graxa á súa engrenaxe.

Imos descansar, gardámola no garaxe.
Faremos a bricolaxe na ferraxe, coidando da engrenaxe para outra viaxe.




1. Gustouche a canción? Cambia moito de letras verdade? Que letra emprega en cada volta?

· *Obxectivos da actividade: discriminación auditiva e atención selectiva.*

2. Todas estas engrenaxes son da máquina de Ramona, temos que axudala a razoar cara a que lado xira a engrenaxe de cor lila para que poida colocalo ben na súa máquina.

· *Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e atención sostida.*











3. Cada ferramenta ou cada obxecto ten a súa parella, pero a Ramona caéronlle ao chan e descolocáronse. Busca a parella de cada unha.

- Parafuso-porca.
- Punta-martelo
- Desparafusador de estrela/plano-parafuso
- Lámpada-portalámpadas
- aceite-aceiteira
- Roda-bomba

· *Obxectivos da actividade: asociación visual, integración visual e razoamento lóxico.*





4. Imos bailar con cada letra que emprega a canción. Cando escoitemos que canta todo coa letra A tocamos as nosas orellas. Cando cante todo coa letra E, saltamos á pata coxa. Cando empregue a letra I botamos o cu para atrás e meneámolo. Cando lle toque á letra O poñemos as mans na cara, coma se levásemos un susto. E canto remate coa U facemos coma os monos, poñendo os brazos en círculo a cada lado do corpo.

· Obxectivos da actividade: memoria secuencial motora, discriminación auditiva e motricidade grossa.

5. Ramona está pensando en facer unha máquina nova do tempo, pero fáltanlle ideas. Debuxa unha máquina do tempo para axudala co deseño.

· Obxectivos da actividade: motricidade fina.

6. Con esta máquina Ramona vai poder viaxar ao pasado e tamén ao futuro. A que momento do pasado e do futuro viaxarías ti? Por que?

· Obxectivos da actividade: memoria a longo prazo e planificación e organización da información.

7. Ramona sempre garda a súa máquina no garaxe, pero cada vez ten máis cousas alí metidas. Pensa, que pode gardar Ramona dentro do seu garaxe?

· Obxectivos da actividade: vocabulario por campos semánticos.

8. Lémbreste do poema con ritmo que fixemos na canción anterior. Fai coma Pakolas e cámbialle todas as vogais pola A, E, I, O, U. Que tal quedou?

· Obxectivos da actividade: conciencia fonética e fonolóxica.

PROVERBIO CHINÉS

Non preciso estudar, eu nacín aprendido: iso é,
iso é *conto chino*.

Non preciso practicar por un don concedido: iso é,
iso é *conto chino*.

Proverbio chinés e non penses do revés.

Son moi listo, cando ti vas eu xa vou, vou de volta: iso é,
iso é *conto chino*.

Son tan guapo e tan galán, a min fixéronme á man: iso é,
iso é *conto chino*.

Mentres o sabio apunta á Lúa mirando ao ceo,
apampado mira o dedo o home necio.

Aprendín que todo neste mundo ten beleza,
pero por desgraza non todo o mundo o aprecia.

Proverbio chinés e non penses do revés.



1. Cal cres que é a aprendizaxe que podemos sacar desta canción? Que deberíamos facer para aprender e pensar e non ser necios?

· Obxectivos da actividade: comprensión auditiva e memoria de traballo.

2. Imos pensar que che gustaría ser de maior e que é preciso que fagas para poder conseguilo. De que traballa a túa nai e o teu pai?, que tiveron que facer para chegar ata aí?

· Obxectivos da actividade: organización e planificación da información e vocabulario por campos semánticos.

3. Para poder ler é preciso que alguén escriba un conto... Escribe ou dille á túa nai ou teu pai que che axuden a escribir un bonito conto sobre as estrelas.

· Obxectivos da actividade: organización e cohesión do discurso, integración gramatical e lecto-escritura.

4. Como nos di a canción, neste mundo hai moitas cousas con beleza. Debuxa neste recadro seis cousas diferentes que penses que son moi bonitas.

· *Obxectivos da actividade: motricidade fina e vocabulario.*



5. Aquí dicimos que algo é “un conto chinés” porque o extremo oriente sempre foi un lugar onde se mesturaba a imaxinación e a fantasía dos europeos, e eran moitos os relatos fantasiosos que ocorrían na China. É por isto, que cando unha historia é asombrosa ou ten demasiada imaxinación cualificámola como “conto chinés”. Dese país escoitamos moitas cousas, imos ver canto sabes ti. De todos os debuxos que aparecen, hai catro que non pertencen á China, sabes cales son? Se non son da China... de onde son?

· *Obxectivos da actividade: integración visual, asociación, memoria a longo prazo, vocabulario e razoamento lóxico.*



BENVIDAS AO FUTURO

Agasallo da natura, perla do presente,
termas da vida e da xente inconsciente.
Moito che debemos, e pouco devolvemos
somos coma nenos, xogando coma demos.

Vamos cantar as cores dos contedores!

O verde, vidro e botellas.
De cor azul cartón e papeis.
O vermello lixo perigoso.
Amarelo latas máis envases lixeiros.
No marrón, lixo compostable.
E no gris todo o demais.

Agora sabes, sabes reciclar.
Vamos cantar as cores, cores dos contedores, xa!

O verde...
Outra vez, outra vez.

O verde...
Agora si, agora si.

Berremos todas: benvidas ao futuro!
Con moito sentidiño, amañamos o presente,
limpamos os mares con paciencia e sen apuro.
Enerxías limpas de cara a un novo abrente.

Outra vez, outra vez.
O verde...



1. A canción fálanos da reciclaxe. En que contedor se tira cada cousa?

· *Obxectivos da actividade: memoria de traballo e atención selectiva.*

2. Ti na túa casa reciclas? No caso de que recicles, cantos recipientes para lixo tes e para que usas cada un? Se non reciclas, este é o momento de comezar, pon catro bolsas na túa casa para separar o cartón, as botellas, os plásticos e as latas e o lixo orgánico. Así axudamos a ter un mundo máis limpo e mellor.

· *Obxectivos da actividade: habilidades da vida diaria e organización e planificación da información.*



3. O material que máis tiramos é o plástico, polo tanto, imos facer unha manualidade para reutilizar as botellas que tiramos. Vamos facer uns bolos!

Que precisamos?

- ✦ 9 botellas de plástico do mesmo tamaño.
- ✦ Areia, arroz, lentellas... ou outro material para encher un pouco as botellas.
- ✦ Cinta de papel para recubrir toda a botella e poder adornala.
- ✦ Cores para adornar os nosos bolos.
- ✦ Números do 1 ata o 9. Podemos empregar adhesivos ou debuxalos nós mesmos e logo pegalos nas botellas.
- ✦ Unha pelota pequena.

Como o facemos?

- ✦ Enche a botella 1/4 da súa capacidade con areia ou outro material que escollas.
- ✦ Ponlle o tapón e cobre toda a superficie da botella, o tapón incluído, coa cinta de papel. asegúrate de que non queda ningún oco sen cubrir.
- ✦ Colle as pinturas e decora os bolos como máis che guste.
- ✦ Pega o número na parte media de cada botella.
- ✦ Espera a que seque e... A FACER UN PLENO!

· *Obxectivos da actividade: organización e planificación da información, motricidade fina e grossa e aprendizaxe numérica.*

4. Que é o que máis che gusta da natureza? Como poderías axudar a conservalo?

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico.

5. Os nosos mares están cheos de lixo, que opcións se che ocorren para intentar limpalos?

· Obxectivos da actividade: razoamento lóxico e resolución de problemas.

6. Debuxa cada contedor e dime que dúas ou tres cousas da túa casa tirarías en cada un deles.


· Obxectivos da actividade: integración visual, recoñecemento de cores e vocabulario.


7. Cantas enerxías limpas coñeces e como funciona cada unha?

· Obxectivos da actividade: memoria a longo prazo e razoamento lóxico.

8. Cando saímos pasear, a meirande parte das veces atopamos moitos plásticos no chan. Fai unha competición con mamá e papá a próxima vez que vaia des pasear. Levade cada un unha bolsa e a ver quen recolle máis lixo para despois tiralo no contedor adecuado. PREPARADOS... LISTOS... XA!

· Obxectivos da actividade: lazos interfamiliares, apego e hábitos diarios.



PAKOLAS
RAMONA ÓRBITA 
A DONA DO TEMPO

